reforma da Sala Técnica inclúen traballos de acondicionamento acústico da sala, reforma da fachada para dar servizo ás necesidades de ventilación da maquinaria, instalación de portas de sectorización resistentes ó lume.

Consideramos que os seguintes conceptos incluídos na certificación e nos presupostos que se achegan terían que formar parte das obras executadas polo Concello de Vigo para deixar preparado o local de instalacións para a súa posta en funcionamento:

<u>Nº Partida</u>	<u>Importe sen IVE</u>	<u>Importe con IVE</u>
1,1 Tomas de aire acústicas	6,579,87 €	7.961,64 €
1,2 Tabique autoportante acústico	1.751,75 €	2.119,61 €
1,3 Pintura plástica lisa	300,63 €	363,76 €
1,4 Retirada de lamas de pedra	1.766,50 €	2.137,46 €
1,5 Recibido de porta EI2-60-C5	70,58€	85,40€
1,6 Porta EI2-60-C5	348,32€	421,47€
1,10 Protección escaleira de gato	135,72€	164,22 €
TOTAL		13.253,56 €

Propoñemos á Concellería de Comercio do Concello de Vigo que proceda a tramita-lo abono ou compensación de 13.253,56 € por este concepto (reforma da Sala Técnica) á Asociación de Comerciantes sempre que xustifiquen que ese importe foi efectivamente pagado á empresa construtora.

E, en informe nº3 de data 27.03.2019 en resposta as alegación formuladas pola Asociación de Comerciantes a dirección facultativa sinala << No referido informe do 30/10/18 dábamos conta á Concellería de que, dende o punto de vista técnico, considerábase procedente tramita-lo abono ou compensación de 13.253,56 € por este concepto (reforma da Sala Técnica) á Asociación de Comerciantes sempre que xustifiquen que ese importe foi efectivamente pagado á empresa construtora (cuestión que acaban de xustificar na documentación achegada no mes de marzo de 2019).

O representante dos comerciantes solicita o abono ou compensación do importe completo dos gastos derivados desta obra. Consideramos que non procede abonar ou compensa-lo gasto correspondente ós traballos de desprazamento do recuperador de aire, de desprazamento da bomba de calor e de instalación dun bastidor con portas corredeiras porque son obras que foron necesario executar pola instalación dos equipos de frío industrial da Asociación de Comerciantes e do supermercado FAMILIA polo que se remite á xustificación exposta no apartado de reforzo estrutural (terceiro apartado da alegación).>>

A vista do informe técnico considérase que as obras de reforzo da Sala Técnica foron executadas en beneficio dun interese xeral cuxa atención correspondía ao concello como promotor das obras de reforma e acondicionamento do mercado, producíndose un enriquecemento da Administración a custa do adxudicatario. E por isto polo que procede a estimación da reclamación neste punto e proceder ao abono de 13.253,56 €.

d) Obras de reforzo en rede de distribución eléctrica por importe de 1.117,65 euros.-

O informe de data 27.03.2019 dos arquitectos municipais determina << tal e coma se indicou no informe do 30/10/18, tra-la análise da documentación aportada constátase que foi preciso executar unha obra de reforzo das acometidas para garanti-lo servizo eléctrico á totalidade do edificio e ás súas novas instalacións polo que propoñemos á Concellería de Comercio do Concello de Vigo que proceda a tramita-lo abono ou compensación de 1.117,65 € por este concepto (reforzo rede de distribución) á Asociación de Comerciantes. E o informe de data 30.10.2018 determina <<Tra-la análise da documentación aportada por UNION FENOSA constátase que foi preciso executar unha obra de reforzo das acometidas para garanti-lo servizo eléctrico á totalidade do edificio e ás súas novas instalacións polo que propoñemos á



Concello de Vigo

Concelleríade Comercio do Concello de Vigo que proceda a tramita-lo abono ou compensación de 1.117,65 € por este concepto (reforzo rede de distribución) á Asociación de Comerciantes sempre que xustifiquen que ese importe foi efectivamente pagado.>> Posteriormente en data 27.03.2019 se informa a achega da xustificación da transferencia bancaria que da conta do pago desta factura.

A vista do informe técnico considérase que as obras de reforzo da rede de distribución eléctrica foron executadas en beneficio dun interese xeral cuxa atención correspondía ao concello como promotor das obras de reforma e acondicionamento do mercado, producíndose un enriquecemento da Administración a custa do adxudicatario. E por isto polo que procede a estimación da reclamación neste punto e proceder ao abono de 1.117,65 euros.-

e) Obras de instalacións por importe de 17.478,33 euros.-

Execución de diversas instalacións

Segundo o informe técnico de data 27.03.2019 << A documentación que se achega nesta ocasión relativa ós gastos pola execución de diversas instalacións inclúe xustificacións das transferencias e cheques bancarios emitidos a favor da empresa ACELEC. Os documentos nº 14 e nº 15 de marzo de 2019 correspóndense co documento nº 9 de xuño de 2018.

Polo tanto, tal e coma se indicou no informe do 30/10/18, estes traballos foron executados por encargo da Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso para a instalación de tomas de datos e telefonía nos postos, instalación de megafonía, instalacións complementarias en zona de oficinas e en diversas estancias das zonas comúns. >>

Neste punto cabe sinalar que tal e como indicouse anteriormente as obras e instalacións dos postos suxeitos ao réxime de concesión demanial no forman parte do obxecto do contrato de concerto adxudicado á Asociación profesional de Empresarios Autónomos do Mercado polo que procede a desestimación da reclamación neste punto.

Respecto as zonas común tratase de obras ligadas ao exercicio da actividade e executadas por encargo da Asociación en beneficio da actividade comercial polo que non orixina un empobrecemento do reclamante e en consecuencia procede a súa desestimación.

f) Gastos de consumo de auga de obras

Segundo o informe técnico de data 27.03.2019 << A documentación que se achega nesta ocasión relativa ós gastos polo consumo de auga inclúe xustificacións do pago á empresa AQUALIA. Os documentos no16 e no 17 de marzo de 2019 correspóndense co documento no10 de xuño de 2018. Únicamente engaden unha factura con lectura de dous consumos por un valor total de 413,41 € que non aparece na documentación achegada en xuño de 2018.

Tal e coma se indicou no informe do 30/10/18, a Asociación de Comerciantes ten domiciliado na súa conta bancaria o gasto polo consumo de auga. O gasto polo consumo de auga para a execución da obra non é responsabilidade do Concello de Vigo, toda vez que existía un contador específico para a lectura dos consumos de auga da obra. A reclamación deste importe é unha cuestión entre quen fai o consumo (as empresas construtoras) e a Asociación de Empresarios (que ten domiciliado o pago deses consumos). A reclamación destes importes terá que facelas directamente ás empresas constructoras que traballaron nese período no edificio e que precisaron subministro de auga para a execución dos seus traballos, entre as que se atopan CIVISGLOBAL (empresa contratada polo Concello de Vigo), SAEXCO (empresa contratada pola Asociación Profesional de Empresarios Autónomos) e probablemente outras coma por exemplo a que executou a obra de acondicionamento do supermercado.>>

E por isto polo que procede a desestimación da reclamación ao non ser imputable dito gasto ao Concello de Vigo.

g) Gastos pola posta en marcha de equipos instalados na primeira fase de obra.-

O informe técnico de data 27.03.2019 dispón << A documentación que se achega nesta ocasión relativa ós

gastos pola posta en marcha de instalacións executadas na obra que correspondeu á mercantil ALDASA achégase xustificación do pago á empresa INSTALACIONES VAL MIÑOR S.L. O documento no18 de marzo de 2019 correspóndense co documento nº 11 de xuño de 2018.

Tal e coma indicamos no informe do 30/10/18 entendemos que estes traballos terían que formar parte dos traballos a contratar polo Concello de Vigo para a posta en marcha do equipamento polo que propoñemos á Concellería de Comercio do Concello de Vigo que proceda a tramita-lo abono ou compensación de 1.594,56 € por este concepto (posta en marcha de grupo de presión, caldeira,...) á Asociación de Empresarios.>>

E, en psoterior informe de data 5.04.2018 << A empresa Aldasa entrou en concurso de acreedores e as obras executadas con data de recepción de 8 de maio de 2014 xa non se atopa en prazo de garantía, prazo que rematou o 8 de maio de 2016 polo que a Asociación asumiu a contratación destas revisións puntuais necesarias para a posta en marcha de diversos equipos e para a reparación de algúns elementos construtivos.>>

Neste senso a cláusula 30.i) do prego de cláusula establece obriga do adxudicatario e, entre outras, manter e conservar as instalacións afectas ó servizo público obxecto de concerto dentro das condicións establecidas no presente Prego e no de Prescricións Técnicas Particulares seguindo as indicacións que lle efectúe o Concello e realizando pola súa conta tódalas obras de conservación e mantemento e cantos gastos sexan necesarios para elo, respondendo así mesmo do deterioro producido polos usuarios:

En relación as obras de conservación e mantemento o artigo 232.5 da LCSP determina << **5.** Se o menoscabo prodúcese en tempo polo natural uso do ben, as obras necesarias para a súa emenda terán o carácter de conservación. As obras de mantemento terán o mesmo carácter que as de conservación.>>

A vista do informe técnico considérase que as obras obxecto de reclamación neste punto non responden ao menoscabo polo uso do ben senón a posta en marcha de equipos instalados que deberían ter sido executados con motivo da execución das obras de reforma de mercado pola adxudicataria ALDASA SLU. Non obstante, tal e como sinala o informe técnico xa rematou o prazo de garantía polo que non procede a esixencia de responsabilidade ao contratista e dado que os servizos executadas non se deben segundo o informe técnico ao menoscabo natural polo uso do ben considérase que procede a estimación da reclamación neste punto e proceder ao abono de 1.594,56 € pola posta en marcha de de equipos instalados na primeira fase de obra.

h) Gastos pola instalación de frío industrial.-

O informe técnico de data 27.03.2019 dispón << A documentación que se achega relativa ós gastos da instalación de frío industrial centralizado e da instalación de evaporación de xeo centralizado xa se tiña presentado en xuño de 2018 cáse que na súa totalidade, engadindo nesta ocasións comprobantes das transferencias bancarias.

Mantemo-lo exposto no informe do 30/10/18 "Tal e coma se explicou no apartado dos reforzos estruturais, a execución dunha instalación centralizada de frío industrial é unha decisión da Asociación que supón a necesidade de instalar unha máquina central xeradora de frío para o conxunto de postos que precisan deste tipo de instalación. Noutros mercados municipais a xeración de frío é unha instalación individual que paga cada un dos comerciantes cando contrata a instalación da cámara frigorífica en cada posto.

Cando se instala unha cámara frigorífica con compresor para a xeración de frío nun posto de venta é o comerciante o que paga o subministro e instalación desta máquina. Do mesmo xeito entendemos que a execución dunha instalación centralizada de frío industrial para o servizo de varios postos de venta terán que pagala aqueles que se benefician deste servizo e non o Concello de Vigo.

Na descripción pomenorizada da factura de TECNOFRIO que se achega inclúen a máquina central e vitrinas, cámaras frigoríficas, mesas refrixeradas, etc. En resumo, un conxunto de mobiliario privado e particular para o desenvolvemento das actividades privadas de cada un dos postos de venta.

Por todas estas razóns entendemos que non procede que o Concello de Vigo se faga cargo deste gasto."



Concello de Vigo

.../...

"A Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso decidiu executar unha instalación centralizada de evaporación de xeo. A solicitude da directiva da asociación nos proxectos redactados reservouse un espazo na planta baixa do edificio para a futura instalación destes equipos.

Do mesmo xeito que no caso do frío industrial consideramos que unha instalación centralizada deste tipo é responsabilidade dos que exercen a actividade polo que entendemos que o Concello de Vigo non ten a obriga de executar e/ou pagar este tipo de instalación.>>

Trátase de obras de carácter voluntario ligadas ao exercicio da actividade comercial obxecto do contrato de concerto. E por isto polo que procede a desestimación da reclamación en tanto que non se produce empobrecemento do contratista.

QUINTO.- Respecto a solicitude compensación de débedas das obras executadas con cargo a liquidación do canon (expediente 5879/106) do importe das obras executadas pola Asociación cabe sinalar:

O artigo **59.1 de la Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria** (LGT): "Las deudas tributarias podrán extinguirse por pago, prescripción, compensación o condonación,.. " e, no seu artigo 71.1 define a compensación como: "Las deudas tributarias de un obligado tributario podrán extinguirse total o parcialmente por compensación con créditos reconocidos por acto administrativo a favor del mismo obligado, en las condiciones que reglamentariamente se establezcan".

Respecto aos créditos, o Regulamento Xeral de Recadación aprobado polo **Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo**, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación (RGR), en su artículo 55 recoge: "Las deudas de naturaleza pública a favor de la Hacienda Pública, tanto en período voluntario como en ejecutivo, podrán extinguirse total o parcialmente por compensación con los créditos reconocidos por aquella a favor del deudor en virtud de un acto administrativo".

Segundo Resolución de Delegación de competencias de data 26.06.2019 corresponde á concellería da área de Orzamentos e Facenda a resolución, a proposta da tesourería Municipal, os expedientes de compensación de oficio ou a instancia de parte, de débedas municipais con créditos a favor do Concello.

E por isto que a tramitación da solicitude de compensación require do previo recoñecemento de crédito, se procede, a favor da Asociación Profesional de comerciantes de O Progreso mediante acto administrativo ditado polo órgano competente. Así unha vez resolto expresamente a solicitude de reclamación económica/desequilibrio económica obxecto do presente informe deberase dar traslado á Tesourería Municipal aos efectos de tramitación, se procede, da solicitude de compensación.

SIXTO.- En canto a tramitación do expediente, trala emisión do presente informe xurídico deberase emitir informe proposta por parte do Xefe do Servizo (artigo 82.1 da LPACe artigo 172 do ROF) e posteriormente deberá someterse a informe da asesoría xurídica e informe de fiscalización pola Intervención Municipal segundo a DA 3ª da LCSP, sendo a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación conforme a DA 2ª o órgano competente para a súa aprobación.

CONCLUSIÓN

Visto o expediente por parte desta Secretaría infórmase o seguinte:

PRIMEIRO.- Procede a desestimación a solicitude formulada en data 1.08.2016 e posterior de data 10.01.2017 e 1.06.2017 e 27.07.2017 pola Asociación profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo de desequilibrio económico do contrato do xestión do servizo público ao non concorrer os supostos do artigo 282.4 do TRLCSP

SEGUNDO.- Procede estimar parcialmente a reclamación económica pola execución das obras executadas pola Asociación profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo recoñecendo a

obriga de pago por parte do Concello de 15.965,77 euros en concepto de obras de reforma da sala técnica (13.253,56€), obras de reforzo en rede de distribución eléctrica no edificio do Mercado do Progreso (1117,65€) e gastos pola posta en marcha de equipos instalados na primeira fase de obra (1.594,56€) e desestimar a reclamación económica pola execución de obras de acondicionamento dos postos, obras de reforzo estrutural, obras en instalacións, facturas Aqualia e e instalación frigorífica ao non concorrer os requisitos do enriquecemento inxusto

TERCEIRO.- Trala adopción do acordo por parte da Xunta de Goberno Local deberase dar traslado á Tesourería Municipal aos efectos da tramitación, se procede, da solicitude de compensación.”

SEGUNDO.- Vista a resolución do alcalde-presidente do Concello de Vigo de data 30.07.2021 pola que aproba o expediente 8075/106 de modificación orzamentaria núm.62/21 de xeración de crédito no estado de gastos do orzamento para o pago á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso das obras acometidas no seu día das que era competencia do Concello e non da Asociación.

Recursos e Empregos

Concepto	Recursos				Empregos			
	Programa	Partida	Proxecto	Importe	Programa	Partida	Proxecto	Importe
Obras M. Progreso		55900		15.965,77	4312	632000 1	1243100 1	15.965,7 7
Total				15.965,77				15.965,7 7

Polo anteriormente exposto, previo informe da Intervención Xeral, **PROPONSE**, á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude formulada con data 1.08.2016 e posteriores de data 10.01.2017, 1.06.2017 e 27.07.2017 pola Asociación profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo de desequilibrio económico do contrato do xestión do servizo público ao non concorrer os supostos do artigo 282.4 do TRLCSP.

SEGUNDO.- Estimar parcialmente a reclamación económica pola execución das obras executadas pola Asociación profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo recoñecendo a obriga de pago por parte do Concello de 15.965,77 euros en concepto de obras de reforma da sala técnica (13.253,56€), obras de reforzo en rede de distribución eléctrica no edificio do Mercado do Progreso (1.117,65€) e gastos pola posta en marcha de equipos instalados na primeira fase de obra (1.594,56€); e desestimar a reclamación económica pola execución de obras de acondicionamento dos postos, obras de reforzo estrutural, obras en instalacións, facturas Aqualia e e instalación frigorífica ao non concorrer os requisitos do enriquecemento inxusto

TERCEIRO.- Tras a adopción do acordo por parte da Xunta de Goberno Local deberase dar traslado á Tesourería Municipal aos efectos da tramitación, se procede, da solicitude de compensación.



Concello de Vigo

CUARTO- Notificar ao interesado sinalando que contra a resolución que se adopte, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(815).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS DESPRAZAMENTOS DE ESCOLARES DO PROGRAMA EDUCATIVO MUNICIPAL DE COÑECEMENTO DA CIDADE “VIGO EDUCA”. EXPTE. 25172/332.

Visto o informe de fiscalización do 10/09/21, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 09/09/21, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade “VIGO EDUCA” (25.172-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade “VIGO EDUCA” (25.172-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de xullo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade “Vigo Educa”.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 14/05/2021 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 11/06/2021 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade “Vigo Educa” por procedemento aberto.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 175.500,00.-€ ive incluído (correspondendo 11.250,00 euros na anualidade de 2021, 58.500,00 euros na anualidade de 2022, 58.500,00 euros na anualidade de 2023 e outros 47.250,00 euros na anualidade de 2024) para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade “Vigo Educa” por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3230.227.99.11 do Programa Educativo “Vigo Educa”.
O valor estimado do contrato estipúlase en 212.732,00.-€

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 19 de agosto de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade “VIGO EDUCA” (25.172-332) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L.	94,50
2	AUTOCARES IGLESIAS, S.L.	89,32
3	SERVICIOS DE AUTOBUSES LAR, S.L.	87,02
4	AUTOS GONZÁLEZ, S.L.	83,63
5	VIAJES MELYTOUR, S.L.	83,30
6	UTE DMGUEZ-UNIÓN-INDUSTRIAL-CASTROMIL	43,62

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L. (B-36.046.530), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.



Concello de Vigo

2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar estar en posesión da habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
3. *Resgado da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L., o día 20 de agosto de 2021, que presenta a documentación requirida o 2 de setembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de setembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor do 2 de agosto de 2021 e do informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de datas 10 e 11 de agosto.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L. (B-36.046.530) o procedemento aberto dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade “VIGO EDUCA” (25.172-332) por un prezo total de 175.500,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.954,55 euros e un prezo unitario por viaxe de ida e volta dos desprazamentos escolares de 69,99 euros (IVE incluído).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(816).- PROPOSTA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE“CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS E RENOVACIÓN DOS SERVIZOS DA RÚA SEVERINO COBAS DENDE ARÚA BOUCIÑA ATA A AVDA. RAMÓN NIETO”. EXPTE. 862/441.

Visto o informe de fiscalización do 13/09/21, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 13/09/21, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construcción de beirarrúas e renovación dos servizos da rúa Severino Cobas dende a rúa Bouciña ata a avda. Ramón Nieto” (862-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construcción de beirarrúas e renovación dos servizos da rúa Severino Cobas dende a rúa Bouciña ata a avda. Ramón Nieto” (862-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 4 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:



Concello de Vigo

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS E RENOVACIÓN DOS SERVIZOS DA RÚA SEVERINO COBAS DENDE A RÚA BOUCIÑA ATA A AVDA. RAMON NIETO”, redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos, María Ferreiro Núñez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral con data 14.05.2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “CATROCENTOS TRINTA E NOVE MIL SETECENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON DOCE CÉNTIMOS” (439.757,12 EUROS), sendo o importe correspondente ao IVE de 76.321,48 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532 6190006 “Plan De Beirarrúas En Barrios”, segundo a distribución de anualidades proposta:

2021	439.757,12 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- O concelleiro delegado de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordos da Xunta de Goberno local de data 20 de xuño e 5 de setembro de 2019 e resolución da Alcaldía do 23 de agosto de 2021), o 26 de agosto de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construcción de beirarrúas e renovación dos servizos da rúa Severino Cobas dende a rúa Bouciña ata a avda. Ramón Nieto” (862-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	97,62
2	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	94,35
3	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	93,86
4	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	93,17
5	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	91,25
6	ORECO, S.A.U.	85,52
7	NAROM, S.L.	79,00
8	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	71,15

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a

contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 26 de agosto de 2021, que presenta a documentación requirida o 8 de setembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 13 de setembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor de datas 4, 5 e e 9 de agosto de 2021 e do informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 13 e 15 de agosto de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Concello de Vigo

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas e renovación dos servizos da rúa Severino Cobas dende a rúa Bouciña ata a avda. Ramón Nieto” (862-441) por un prezo total de 343.626,22 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 59.637,61 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(817).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO, DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “REXENERACIÓN DO PASEO DO FRONTE MARÍTIMO DA VILA DE BOUZAS”. EXPTE. 875/441.

Visto o informe de fiscalización do 13/09/21, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 13/09/21, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras para a execución do proxecto de “Rexeneración do paseo do fronte marítimo da vila de Bouzas” (875-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras para a execución do proxecto de “Rexeneración do paseo do fronte marítimo da vila de Bouzas” (875-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 24 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “REXENERACIÓN DO PASEO DO FRONTE MARÍTIMO DA VILA DE BOUZAS”, redactado polo Arquitecto Angel Santorio Cuartero.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 10 de xuño de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “TRES MILLÓNS SETECENTOS CINCUENTA E OITO MIL SETECENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS” (3.758.772,64 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 652.348,97 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 15326190019 “Obras Paseo Bouzas”, segundo a distribución de anualidades proposta:

2021	3.758.772,64 €
------	----------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 6 de setembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluír deste procedemento a ORECO, S.A.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 31 de agosto de 2021.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras para a execución do proxecto de “Rexeneración do paseo do fronte marítimo da vila de Bouzas” (875-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	96,67
2	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	93,41
3	UTE CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. - CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	92,47
4	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS - PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	90,47



Concello de Vigo

Orde	Licitadores	Puntuación total
5	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	85,95
6	UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. - CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	83,59
7	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	64,65
8	OBRASCON HUARTE LAIN, S.A.	56,21

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., o día 6 de setembro de 2021, que presenta a documentación requirida o 9 de setembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 13 de setembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVIS GLOBAL, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVIS GLOBAL, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 10 de agosto e 1 de setembro de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión de ORECO, S.A.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 31 de agosto de 2021, adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 6 de setembro de 2021.*
2. *Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157) o procedemento aberto para a contratación das obras para a execución do proxecto de “Rexeneración do paseo do fronte marítimo da vila de Bouzas” (875-441) por un prezo total de 3.167.141,82 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 549.669,24 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(818).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MOBILIARIO URBANO. EXPTE. 48950/446.

Visto o informe de fiscalización do 13/09/21, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 13/09/21, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario urbano (48.950-446)



Concello de Vigo

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario urbano (48.950-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 17 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do contrato de SUBMINISTRO DE MOBILIARIO URBANO, así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 21 de maio de 2021 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 11 de xuño de 2021.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 170.000,00€, que inclúe un IVE de 29.504,13€, o cal se imputará á partida 1710.6090000 “Mobiliario Urbano”, distribuído nas seguintes anualidades:

ANUALIDADES	LOTE I	LOTE II	LOTE III	ORZAMENTO ANUAL
2021	25.000,00 €	5.000,00 €	20.000,00 €	50.000,00 €
2022	35.000,00 €	5.000,00 €	20.000,00 €	60.000,00 €
2023	35.000,00 €	5.000,00 €	20.000,00 €	60.000,00 €
TOTAL LOTES:	95.000,00 €	15.000,00 €	60.000,00 €	
	ORZAMENTO TOTAL (IVE engadido):			170.000,00 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 19 de agosto de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario urbano (48.950-446) na seguinte orde descendente:

Lote 1:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L.	100,00
2	BENITO URBAN, S.L.U.	91,07
3	PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U.	88,16
4	ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.U.	41,77

Lote 2:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L.	100,00
2	BENITO URBAN, S.L.U.	91,06
3	PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U.	88,16
4	ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.U.	41,83

Lote 3:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.U.	100,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar en cada un dos lotes, GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L. (lotes 1 e 2) (B-24.572.554) e ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (lote 3) (A-46.609.541), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar en cada un dos lotes, GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L. (lotes 1 e 2) (B-24.572.554) e ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (lote 3) (A-46.609.541), o día 20 de agosto de 2021.

Ambos os dous licitadores presentaron documentación dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 9 de setembro de 2021 concedeu un prazo de tres días aos dous licitadores para que puidesen emendar a documentación presentada.

Durante o prazo concedido os licitadores presentaron documentación.



Concello de Vigo

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 13 de setembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L. (lotes 1 e 2) e ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (lote 3), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L. (lotes 1 e 2) e ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (lote 3), de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 12 de agosto de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L. (lotes 1 e 2) (B-24.572.554) e ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (lote 3) (A-46.609.541)

“Adxudicar a GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L. (B-24.572.554) os lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario urbano (48.950-446) coas seguintes condicións:

- Lote 1

- a) O prezo total do lote 1 é de 95.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 16.487,60 euros, cunha porcentaxe de desconto do 22,50% a aplicar aos prezos unitarios relacionados no punto 2 do PPT .*

- b) *Propón unha redución do prazo de entrega máximo previsto no apartado 5 do PPT dos materiais a subministrarse de 15 días.*
- c) *Incrementa o prazo mínimo de garantía exixido no apartado 6 do PPT en 18 meses.*

- Lote 2:

- a) *O prezo total do lote 2 é de 15.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.603,31 euros, cunha porcentaxe de desconto do 22,50% a aplicar aos prezos unitarios relacionados no punto 2 do PPT .*
- b) *Propón unha redución do prazo de entrega máximo previsto no apartado 5 do PPT dos materiais a subministrarse de 15 días.*
- c) *Incrementa o prazo mínimo de garantía exixido no apartado 6 do PPT en 18 meses.*

Adxudicar a ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (lote 3) (A-46.609.541) o lote 3 do procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario urbano (48.950-446) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total deste é de 60.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.413,22 euros, cunha porcentaxe de desconto do 2,17 % a aplicar aos prezos unitarios relacionados no punto 2 do PPT .*
- b) *Propón unha redución do prazo de entrega máximo previsto no apartado 5 do PPT dos materiais a subministrarse de 15 días.*
- c) *Incrementa o prazo mínimo de garantía exixido no apartado 6 do PPT en 18 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(819).- PROXECTO DE CONVENIO COA EMPRESA MUÉSTRALO ORGANIZACIÓN DE EVENTOS FERIALES S.L., PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO CONGRESO INTERNACIONAL NAVALIA. EXPTE. 18208/77.

Visto o informe de fiscalización do 06/09/21, dáse conta do informe-proposta do 03/09/21, asinado pola técnica de Xestión, a xefa do Servizo de Desenvolvemento Local (Resolución 23/10/19), o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES



Concello de Vigo

I. A empresa Muéstralo Organización de Eventos FERIALES S.L., con CIF, B36942241 achega solicitude para a realización do Congreso Internacional "Navalia" remitida en data 01/03/2021 a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (Doc. Núm. 210032759), coas emendas de datas 12/05/2021 (Doc. Núm. 210082652) e 23/08/2021 (Doc. Núm. 210174624) xuntando a seguinte documentación para tramitación do presente convenio co Concello:

- Declaración responsable de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, de 17 de novembro e no art. 10, apartado 2 da Lei de Subvencións de Galicia.
- Declaración responsable de axudas solicitadas e/ou concedidas por outras entidades públicas ou privadas para o mesmo proxecto subvencionado.
- Orzamento de gastos e ingresos
- Memoria do proxecto subvencionado
- Certificado da titularidade da conta bancaria
- Autorización expresa para consulta de datos (cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social)

II. En data 19/08/2021, o Concelleiro de Cultura e Emprego asinou a orde para que por parte da unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego se inicie expediente para a tramitación dun convenio entre o Concello de Vigo e a empresa Muéstralo Organización de Eventos FERIALES S.L., con CIF, B36942241 para contribuír ao financiamento do Congreso Internacional "NAVALIA"

III. A petición do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, expídese certificación de data 20/08/2021, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo. Asemade achéganse as certificacións acreditativas de non ter obrigas pendentes coa Axencia Estatal Tributaria, Facenda da Xunta de Galicia e coa Seguridade Social

IV.- Consta no expediente memoria xustificativa e proposta de convenio que se propón para aprobación, asinada pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, co conforme do Concelleiro de Cultura e Emprego.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Obxecto do convenio:

É obxecto deste expediente a concesión dunha subvención directa por importe de **5.000,00 €** á Muestralo Organización de Eventos FERIALES S.L (B36942241), que se instrumentaliza a través do convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para o financiamento do CONGRESO INTERNACIONAL "NAVALIA", que se celebrará no mes de setembro de 2021.

II. Procedemento de concesión directa:

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2020, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio a través do cal se canalicen estas subvencións establecerá as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na lei.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a beneficiaria non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

A competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa que consta no expediente, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei, en atención á singularidade da entidade beneficiaria e o carácter extraordinario da subvención proposta que motiva o presente procedemento, para coadxuvar á celebración dun congresos que redundan en beneficio da promoción económica e social da cidade, no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais de índole internacional, estatal e autonómica as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

O Congreso ten un interese público, económico e social, en base aos datos de expositores e visitantes dos que dispón a organización, as xornadas técnicas que se celebrarán, coa participación de armadores/as, entidades públicas, centros de investigación doutros países, e os encontros internacionais e misións comerciais que prevén visitas técnicas aos estaleiros e industria auxiliar da cidade, en tanto que a alta taxa de desemprego afronta o seu futuro consciente de que é imprescindible a cooperación do tecido empresarial e a institución municipal para promover o seu desenvolvemento económico e social, dentro das políticas municipais que contribúan á mellora da ocupabilidade, a inserción laboral das persoas desempregadas

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o desenvolvemento do proxecto subvencionado (2021), sendo gastos subvencionables aqueles que, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado proposto polo entidade.

III. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura e Emprego.

Pola outra parte, asinará o convenio don Javier Díaz Arnau (DNI: 3612****), en representación da empresa Muéstralo Organización de Eventos Feriales S.L., con CIF, B36942241, segundo consta na escritura co poder de representación incorporado ao expediente.

IV. Competencia para a actividade de fomento do emprego:



Concello de Vigo

Tanto na memoria xustificativa coma no texto do convenio explíctase o título da competencia municipal, resultando unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos, reducir a porcentaxe de persoas desempregadas, mediante un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social, entre as que figura, para acadar este obxectivo, a colaboración coas organizacións e entidades de todo tipo, de tal xeito que se mellore a dinamización empresarial, a contratación de persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

O desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose no marco das políticas activas de emprego polas que a Concellería de Cultura e Emprego asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais de índole internacional, estatal e autonómica as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

Con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, non se considera como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando nos últimos anos desde este servizo para fomento do emprego, como actividade considerada pola Xunta de Goberno Local, mediante acordo adoptado en data 09/03/2012, como dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio (...)*. A este respecto, compre subliñar que a participación na formación de activos e desempregados, corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o disposto no artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

V. Normativa de aplicación:

O artigo 48 da LRXSP habilita ás Administracións Públicas para celebrar convenios con persoas tanto de dereito público coma privado.

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución dos vixentes Orzamentos do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VI. Contía total e crédito orzamentario:

O importe do convenio de **5.000,00 €** imputaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4800012 "NAVALIA", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2021.

Os convenios están excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, nos termos e condicións do disposto no seu artigo 6.

Non se contempla a posibilidade de tramitar un pago anticipado.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma das obras subvencionadas.



Concello de Vigo

-Procedemento e competencia:

Constan no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, memoria do convenio e borrador co texto do mesmo, que xunto co presente informe xurídico con proposta de resolución será remitido á Intervención Xeral do Concello para a súa fiscalización con carácter previo á súa aprobación polo órgano competente, de conformidade co disposto no art. 214 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, pois corresponde á Xunta de Goberno Local a adopción do devandito acordo de aprobación do convenio e, con carácter previo, de aprobación do gasto (artigo 31 LSG).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

De acordo co art. 8.1. letra "b" da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá darse publicidade ao convenio que se subscriba e no que ás subvencións respecta, deberán comunicarse á Base de Datos Nacional de Subvencións unha vez formalizado o correspondente convenio coa entidade beneficiaria.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020 , elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Aprobar o proxecto de convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a empresa Muéstralo Organización de Eventos Feriales S.L., con CIF, B36942241, para axudar ao financiamento da organización do Congreso Internacional "NAVALIA"

Segundo.- Autorizar o gasto de **5.000,00 €**, como contrapartida do estipulado no presente convenio con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4800012 "NAVALIA" , do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2021 e, comprometer o mesmo a favor da empresa Muéstralo Organización de Eventos Feriales S.L. (CIF:B36942241), para o cumprimento dos obxectivos recollidos no convenio.

Terceiro.- Facultar ao Concelleiro delegado de Cultura e Emprego , don Abel Losada Álvarez, para asinar o citado convenio, en caso de ser precisa a substitución do sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

Cuarto: Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A EMPRESA MUÉSTRALO ORGANIZACIÓN DE EVENTOS FERIALES S.L. PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO CONGRESO INTERNACIONAL NAVALIA

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil vinte e un

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Losada Álvarez, na súa calidade de concelleiro delegado de Cultura, e Emprego do Concello de Vigo (CIF : P3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Javier Díaz Arnau, con DNI: 3612****, actuando en calidade de representante da empresa Muéstralo Organización de Eventos FERIALES S.L., con CIF, B36942241 con sede en Vigo na Rúa Príncipe, 24 4º, no seu nome e representación.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, por encomenda de funcións, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para subscribir o outorgamento de presente convenio e

EXPOÑEN

Que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral.

Que o Concello de Vigo ten, dentro das súas propostas para estes anos, reducir a porcentaxe de persoas desempregadas, mediante un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social, entre as que figura, para acadar este obxectivo, a colaboración coas organizacións e entidades de todo tipo, de tal xeito que se mellore a dinamización empresarial, a contratación de persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

Que no marco das políticas activas de emprego, a Concellería de Cultura e Emprego asume a tarefa de impulsar o desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais de índole internacional, estatal e autonómica, que redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular; polo que con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio,



Concello de Vigo

de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, a competencia administrativa para tramitar o presente procedemento fundaméntase en que non se considerará como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores; como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores para fomento de emprego, actividade prioritaria dentro desta Administración municipal.

E, de conformidade co anterior

MANIFESTAN

I.- Que a empresa Muéstralo Organización de Eventos Feriales S.L., con CIF, B36942241, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, organiza o Congreso Internacional Navalía, no mes de setembro de 2021.

II. Que a cidade de Vigo e o seu entorno, constituíuse como unha das principais áreas de desenvolvemento da industria do sector naval, polo que esta cita representa unha oportunidade para potenciar conxuntamente a capacidade das industrias do noso entorno, e os valores turísticos de Vigo e das Rías Baixas, tendo en conta as oportunidades que se desenvolven no ámbito destas citas que teñen unha incidencia internacional, e as converten nun gran escaparate para as cidades que as promoven, así como da consolidación empresarial no seu ámbito de actuación.

III. Que segundo a memoria remitida pola entidade en data 12/05/2021 a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (Doc. Núm. 210082652), a empresa Muéstralo Organización de Eventos Feriales S.L., o evento unirá unha importante parte expositora que dará protagonismo a xornadas técnicas, mesas redondas, encontros empresariais e misións comerciais, de xeito que, o sector naval contará todos os anos cun lugar de reunión para xerar negocio e intercambiar coñecemento.

V. Que o Concello de Vigo considera que o Congreso Internacional NAVALIA ten un interese público, económico e social, en base aos datos de expositores e visitantes dos que dispón a organización, as xornadas técnicas que se celebrarán, coa participación de armadores/as, entidades públicas, centros de investigación doutros países, e os encontros internacionais e misións comerciais que prevén visitas técnicas aos estaleiros e á industria auxiliar da cidade, en tanto que a alta taxa de desemprego afronta o seu futuro consciente de que é imprescindible a cooperación do tecido empresarial e a institución municipal para promover o seu desenvolvemento económico e social, dentro das políticas municipais que contribúan á mellora da ocupabilidade, a inserción laboral das persoas desempregadas.

VI.- Que o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo do 2021 inclúe crédito na aplicación orzamentaria 2410 4800012 "NAVALIA", para conceder directamente, con carácter excepcional, segundo o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 67 do seu regulamento, no art. 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2021, unha subvención directa por razóns de interese público, económico e social, como é a celebración do Congreso Internacional NAVALIA.

V.- Que a empresa MUÉSTRALO ORGANIZACIÓN DE EVENTOS FERIALES S.L., con CIF, B36942241., non esta incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia (LSG), áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo tramitado a estes efectos.

VI.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións directas, os interviñentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención con arranxo aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A empresa Muéstralo Organización de Eventos Feriales S.L., con CIF: B36942241, comprométese a:

1º.- Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente, colaborando coa Concellaría de Cultura e Emprego do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego no sector da construción naval, e ao fomento do emprego directo e indirecto, derivado da organización do Congreso Internacional NAVALIA, contribuíndo á creación e mantemento dos postos de traballo adicados á organización do evento e á dinamización da actividade económica da cidade e fomento de emprego derivado da organización da feira internacional a través dos provedores locais contratados: instaladores/montadores, servizos de limpeza, seguridade, publicidade e comunicación, limpeza, e ao impacto na hostalería e comercio.

2º.- Adoptar as medidas de difusión previstas na cláusula sexta.

3º.- Dispor dos permisos, autorizacións e seguros necesarios para o desenvolvemento das actividades.

4º.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

5º.- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e en xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6º.- Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Vigo, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio destas funcións.

Segundo.- **O CONCELLO DE VIGO**, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa empresa "MUÉSTRALO ORGANIZACIÓN DE EVENTOS FERIALES S.L" na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

2º.- Conceder a "MUÉSTRALO ORGANIZACIÓN DE EVENTOS FERIALES S.L", CIF: B36942241, unha subvención por importe de 5.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4700012 "NAVALIA" mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola empresa e previa fiscalización da Intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar ao financiamento do Congreso Internacional NAVALIA, de acordo co orzamento de custos do proxecto subvencionado achegado pola entidade:

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



Concello de Vigo

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menos que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización, por si mesma, das actividades subvencionadas.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades da beneficiaria, debendo aparecer nestas co seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador de todas as actividades realizadas no ano 2021.

Sétimo.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Oitavo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo máximo que remata o día **31 de outubro de 2021** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá achegar unha conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>, na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse

ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel asinadas dixitalmente..

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

- Solicitud de abono da subvención.

- **Declaración responsable asinada electronicamente** na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.

- **Memoria descritiva das actuacións realizadas asinada electronicamente** xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- **Memoria económica asinada electronicamente** dos gastos incorridos asinada electronicamente, cos xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente, indicando na táboa o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial):

- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non orzamentados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención

- En caso de exención do IVE achegarse unha declaración responsable asinada electronicamente pola entidade de non dedución do IVE ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspondente.

- As retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Contrato de traballo
- Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Nóminas correspondente aos meses imputados.
- Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
- Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)



Concello de Vigo

Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada.

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificárase **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electronicamente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

- **A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias** (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade se opón expresamente á verificación telemática destes datos polo Concello de Vigo, deberá achegar de novo os certificados correspondentes.

- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare **ter recibido outras subvencións** para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Noveno.-Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente de pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2021, de acordo co orzamento de custos do proxecto subvencionado achegado pola entidade.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda 40.000 € por execución de obra ou 15.000 € no caso de subministración ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local dependente da Concellaría de Cultura e Emprego. A xefatura do servizo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura e Emprego e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento das subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 LXS e 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados son indispensables para a xestión deste procedemento e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución da concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lexislación de subvencións en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Décimo sexto.- A participación do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e a entidade ou coas persoas participantes no desenvolvemento das actividades subvencionadas.



Concello de Vigo

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E , en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, na data da sinatura dixital

9(820).- DAR CONTA DA RENUNCIA PRESENTADA POLA ENTIDADE ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DO PROGRAMA ESPECÍFICO DE SUBVENCIÓNS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES DO ANO 2021". EXPTE. 10775/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 13/09/21, asinado pola axente de igualdade de Oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada de Área e pola asesora xurídica do Igualdade, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en data 17 de xuño de 2021, aprobou a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro ao abeiro do "Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do exercicio 2021". Ao abeiro deste acordo, á entidade Asociación de Empresarias de Galicia, con CIF: G27826999, expediente 10775-224, foille concedida unha axuda por importe de 3.000,00 € para a realización do proxecto "Liderado co alma".

Con data 2 de setembro do 2021, a entidade Asociación de Empresarias de Galicia, presenta escrito renunciando de xeito expreso á subvención concedida (documento núm. 210180743).

Atendendo ao establecido na Base Décimo Cuarta do programa de subvencións, a beneficiaria poderá renunciar expresamente á subvención concedida, que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPACAP.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

"Quedar informada da renuncia presentada pola entidade Asociación de Empresarias de Galicia, con CIF: G27826999, á subvención concedida pola Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2021 ao abeiro do *Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do ano 2021*".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(821).- BASES REGULADORAS DO PROCEDUREMTO DE ACCESO E RÉXIME DE USOS PARA CESIÓN DE INMOBLES XESTIONADOS POLO SERVIZO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN. EXPTE. 7632/320.

Visto o informe de fiscalización do 27/08/21, dáse conta do informe-proposta do 30/04/21, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá (Resolución do 23/01/19) e polo concellerio-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Xestionar o patrimonio dos entes locais baixo principios de eficacia e rendibilidade, é unha responsabilidade recollida na lexislación sobre bens das entidades locais.

É tarefa dos Concellos, como Administración pública máis próxima á cidadanía, por a disposición medios e bens da súa pertenza para, de xeito coordinado, propiciar a creación dun tecido asociativo cuxos fins pretendan o desenvolvemento dos cidadáns nos seus aspectos solidarios, sociais, culturais, deportivos ou de calquera outra índole de interese xeral.

É, neste marco onde o servizo de Participación Cidadá, dependente da área de goberno de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo pretende por a disposición do tecido asociativo da cidade os seus bens inmobles co fin de propiciar neles o desenvolvemento das súas accións veciñais, sociais, asistenciais, culturais, deportivas ou de interese xeral que estes colectivos de forma altruísta prestan á sociedade, no marco da súa acción de fomento do tecido asociativo, tentando solucionar as necesidades das asociacións, a través destas normas provisionais en tanto non se tramita unha ordenanza municipal.

É obxecto das presentes bases regular o procedemento en libre concorrência para o acceso ao uso dos bens inmobles patrimoniais do Concello de Vigo xestionados pola área de Participación Cidadá, por asociacións e organizacións sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), e establecer un marco xeral de uso e funcionamento dos mesmos, de xeito que o acceso ao uso dos devanditos bens municipais se produza en igualdade de condicións, primando o maior beneficio que á sociedade poida reportar o destino asignado aos mesmos; e regulando o uso dos mencionados inmobles, establecéndose as regras básicas que deben presidir o uso e goce por parte dos colectivos beneficiarios da cesión dos devanditos locais.

O Concello de Vigo veu cedendo o uso de locais de propiedade municipal a asociacións e entidades sen ánimo de lucro para a realización de accións dirixidas a desenvolver as súas funcións e conseguir os seus obxectivos e desenvolvemento de actividades de interese social. Con todo, a carencia de regulación no procedemento de acceso e o uso destes locais causou problemas de índole organizativo, polo que se ve necesaria a elaboración e aprobación dunhas bases que regulen o uso dos locais de propiedade municipal xestionados polo servizo de Participación Cidadá, en tanto non se aprrobe unha ordenanza reguladora.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Obxecto do expediente:



Concello de Vigo

É obxecto do presente expediente a aprobación das bases reguladoras do procedemento en libre concorrancia para que o acceso ao uso dos bens inmobles patrimoniais xestionados pola área de goberno de Participación Cidadá se produza en igualdade de condicións, primando o maior beneficio que á sociedade poida reportar o destino asignado aos mesmos, e que reflicten as regras básicas que deben presidir o uso e goce por parte dos colectivos beneficiarios segundo o establecido no título I, capítulo IV do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e na Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP); que deberán constar nas resolucións administrativas de cesión de uso dos ditos inmobles.

II. Competencia administrativa na que se fundamenta a actuación da Administración pública:

O artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local (LRBRL), dispón que as entidades locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños/as, e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos para a realización das súas actividades.

Esta obriga concrétese no artigo 233 do Regulamento 2568/1986, de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF) cando dispón que as asociacións mencionadas poderán acceder ao uso de medios públicos municipais, especialmente locais, coas limitacións que impoñan a coincidencia do uso por parte de varias delas ou polo propio Concello, e serán responsables do trato dado ás súas instalacións, debendo solicitalo por escrito coa antelación que se estableza polos servizos correspondentes.

III. Beneficiarias:

Poderán acceder ao uso dos locais de propiedade municipal xestionados pola área de Participación Cidadá, as organizacións, asociacións ou colectivos sen ánimo de lucro que estean debidamente inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo na data da publicación da convocatoria, sempre que ademais teñan o seu domicilio social ou desenvolvan a súa actividade preferentemente e con carácter estable e permanente na cidade de Vigo.

IV. Regulación de uso e funcionamento:

As bases reflicten a regulación de uso e funcionamento dos inmobles adscritos ao servizo, contemplando as obrigas de mantemento, realización de obras, responsabilidade civil e das potestades municipais de inspección, modificación e suspensión da cesión, así coma das causas de extinción e revogación.

V. Procedemento en libre concorrancia para a cesión de uso de locais municipais:

O procedemento tal e como establecen as bases é un procedemento comparativo baseado nun prazo preclusivo, onde se comparan as propostas e se adxudican os locais dispoñibles segundo a orde de puntuación e as preferencias indicadas polas entidades na súa solicitude.

A convocatoria incluírá unha relación dos locais municipais en situación de seren cedidos, con descrición das súas características e referencias técnicas que os identifiquen.

VI. Prazo:

O prazo contemplado nas bases para a cesión dos locais xestionados polo servizo de Participación Cidadá non poderá ter unha duración superior a catro anos, incluídas as prórrogas.

O Concello, en calquera momento, poderá deixar sen efecto o acordo de cesión, previo trámite de audiencia, cando existan razóns de interese público que o xustifiquen, sen dereito a indemnización.

Atendendo aos fins sinalados, e no exercicio da potestade regulamentaria, de conformidade co disposto no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procédese a aprobar estas normas en tanto non se aproba unha Ordenanza municipal que teña por obxecto regular a posta a disposición de locais de titularidade ou dispoñibilidade municipal a favor de asociacións legalmente constituídas no Concello de Vigo para o desenvolvemento dos seus fins culturais, sociais, deportivos ou outros de interese público.

Polo anteriormente exposto e, previo informe do Servizo de Patrimonio e da Intervención Xeral Municipal, formúlase a presente proposta á Xunta de Goberno Local para adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar as BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE ACCESO E RÉXIME DE USOS PARA CESIÓN DE INMOBLES XESTIONADOS POLO SERVIZO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS, que se achegan no anexo I.
2. Proceder á publicación das bases reguladoras na páxina web do Concello de Vigo, no Portal municipal de Transparencia e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para xeral coñecemento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE ACCESO E RÉXIME DE USOS PARA CESIÓN DE INMOBLES XESTIONADOS POLO SERVIZO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS

I. BASES XERAIS

BASE 1ª. OBXECTO

É obxecto das presentes bases regular o procedemento en libre concorrència para o acceso ao uso dos bens inmobles patrimoniais do Concello de Vigo xestionados pola área de Participación Cidadá, por asociacións e organizacións sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), e establecer un marco xeral de uso e funcionamento dos mesmos.



Concello de Vigo

BASE 2ª. RÉXIME XURÍDICO

O artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local (LRBRL), dispón que as entidades locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños/as, e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos para a realización das súas actividades.

Esta obriga concrétese no artigo 233 do Regulamento 2568/1986, de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF) cando dispón que as asociacións mencionadas poderán acceder ao uso de medios públicos municipais, especialmente locais, coas limitacións que impoñan a coincidencia do uso por parte de varias delas ou polo propio Concello, e serán responsables do trato dado ás súas instalación, debendo solicitalo por escrito coa antelación que se estableza polos servizos correspondentes.

As presentes bases regulan o procedemento en libre concorrência para que o acceso ao uso dos bens inmobles patrimoniais xestionados pola área de goberno de Participación Cidadá se produza en igualdade de condicións, primando o maior beneficio que á sociedade poida reportar o destino asignado aos mesmos, e reflicten as regras básicas que deben presidir o uso e goce por parte dos colectivos beneficiarios segundo o establecido no título I, capítulo IV, do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e na Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), e que deberán constar nas resolucións administrativas de cesión de uso dos ditos inmobles.

BASE 3ª. ORGANIZACIÓNS, ASOCIACIÓNS OU COLECTIVOS SEN ÁNIMO DE LUCRO

Poderán acceder ao uso dos locais de propiedade municipal xestionados pola área de Participación Cidadá, as organizacións, asociacións ou colectivos sen ánimo de lucro que estean debidamente inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo na data da publicación da convocatoria, sempre que ademais teñan o seu domicilio social ou desenvolvan a súa actividade preferentemente e con carácter estable e permanente na cidade de Vigo.

BASE 4ª. ACTIVIDADES NON PERMITIDAS

No interior do inmoble cedido, non se poderán realizar actividades que contraveñan os principios de igualdade das persoas, quedando prohibido calquera acto que atente contra a dignidade das persoas ou as discrimine por razón de raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra causa ou circunstancia persoal ou social (realización, promoción ou soporte de actividades que atenten contra a saúde pública e/ou supoñan a divulgación de teorías ou teses contrarias ás normas técnicas e criterios establecidos e adoptados polas autoridades sanitarias e a comunidade científica).

BASE 5ª. ACTOS ORGANIZADOS POLO CONCELLO

As cesións que se regulan nas presentes Bases poderán ser, previo aviso, suspendidas temporalmente e sen dereito a indemnización, no caso de que por parte do Concello se necesitasen os locais cedidos para a organización de actos cando existan razóns de interese público que o xustifiquen.

BASE 6ª. PRAZO

O acordo de cesión establecerá a duración da mesma.

A cesión non poderá ter unha duración superior a catro anos, incluídas as prórrogas, adoptada mediante acordo do órgano competente, previa solicitude en prazo da entidade interesada.

O Concello, en calquera momento, poderá deixar sen efecto o acordo de cesión, previo trámite de audiencia, cando existan razóns de interese público que o xustifiquen, sen dereito a indemnización.

BASE 7ª. ACTIVIDADES

O Concello non dirixe nin presta conformidade ás actividades para realizar nos locais cedidos. As entidades non teñen ningunha relación de dependencia co Concello que non se fai responsable nin directa nin subsidiariamente dos danos materiais, persoais ou morais que poidan producirse dentro do local ou a terceiros.

III. REGULACIÓN DE USO E FUNCIONAMENTO

BASE 8ª. MANTEMENTO DO LOCAL

1. A entidade ou asociación cesionaria está obrigada á conservación dilixente dos locais de uso exclusivo e de uso compartido e, en xeral, de todo o inmovible, respondendo dos danos que poidan ocasionar as persoas que compoñen a entidade e as usuarias, ben por acción ou por omisión, efectuando de forma inmediata e ao seu cargo, previa autorización do Concello, as reparacións necesarias.

2. Con carácter xeral, a entidade cesionaria farase cargo da contratación e abono das subministracións de electricidade, auga e servizos necesarios para a súa actividade, así como do mantemento e limpeza, sendo da súa conta a contratación de tales prestacións, as súas modificacións e a súa baixa.

Así mesmo, a entidade cesionaria farase cargo do abono dos gastos de comunidade que puidesen corresponder ao local cedido.

BASE 9ª. OBRAS NO LOCAL

1. A entidade ou asociación cesionaria non poderá realizar no local cedido ningún tipo de obra ou actuación sen expresa autorización do Concello de Vigo.

2. En caso de realizarse obras polas entidades ou asociacións cesionarias sen autorización, o Concello poderá ordenar que se restitúa o ben ao seu estado orixinal, sen dereito a indemnización ou compensación económica e proceder, se o concello de Vigo o estima oportuno, a rematar a cesión do local á entidade.

3. En caso de non facelo, poderase executar subsidiariamente as obras de restitución, estando obrigada a entidade para sufragar o custo. Se a restitución fose imposible sen o menoscabo do ben, o causante estará obrigado a indemnizar polos prexuízos ocasionados.



Concello de Vigo

4. As obras ou actuacións realizadas no local o serán en beneficio do ben inmovible, sen dereito a percibir ningún tipo de indemnización ou compensación económica pola súa realización.

BASE 10ª. RESPONSABILIDADE CIVIL

1. A entidade cesionaria será responsable directa dos danos e perdas ocasionados a terceiros nos locais cedidos e causados polas persoas que compoñen a entidade e as usuarias, ben por acción ou por omisión, dolo ou negligencia.

2. No acordo de cesión de uso do local, incluírase a obriga da entidade cesionaria de dispor dun seguro de responsabilidade civil xeral, incluíndo a responsabilidade civil que poida causar a entidade a terceiros, na súa condición de usuario da propiedade municipal, tendo en conta ao Concello coma un dos asegurados. Así mesmo incluírá a responsabilidade civil locativa que ampare calquera dano que se poida ocasionar ao local (contenente) e mobiliario (contido) polos actos ou omisión de carácter negligente cun límite de indemnización mínima de 300.506,05 €. Anualmente a entidade cesionaria aportará ao servizo de Participación Cidadá, copia autenticada do abono do seguro.

BASE 11ª. OBRIGAS DA ENTIDADE

As entidades quedan obrigadas:

a) Á conservación, mantemento e limpeza do local.

b) A utilizar o local exclusivamente para o cumprimento dos fins de interese xeral que xustificaron a súa cesión, que deberán iniciarse no prazo máximo dun mes desde a notificación do acordo de cesión de uso salvo por causa non imputable ao cesionario.

O destino do local aos fins sinalados na cesión débese manter durante todo o tempo da cesión e sen que poida ser obxecto de arrendamento, cesión ou outro negocio xurídico a persoa física ou xurídica ningunha.

O Concello está habilitado para comprobar, en calquera momento, o cumprimento da aplicación ao fin para o que foi cedido e poderá adoptar para iso cantas medidas de control sexan necesarias.

c) A comunicar con antelación calquera obra ou reforma que proxecte realizar no local, que, en todo caso, deberá contar coa autorización do Concello de Vigo e no seu caso, coa oportuna licenza de obras.

d) Ao abono dos gastos que se deriven do uso e mantemento do inmovible como son os correspondentes ao consumo de luz, auga, teléfono e os demais gastos correntes de mantemento que sexan precisos, sendo da súa conta a contratación de tales prestacións, as súas modificacións e a súa baixa.

Así mesmo, a entidade cesionaria farase cargo do abono dos gastos de comunidade que puidesen corresponder ao inmovible cedido.

e) A subscribir unha póliza de responsabilidade civil, á súa renovación ou subscripción anual, que cubra os posibles danos que se poidan ocasionar ao propio inmovible. A entidade será responsable directa dos danos e perdas ocasionados a terceiros no local cedido causados polos seus membros e usuarios, por acción ou omisión, dolo ou negligencia.

Anualmente, deberase remitir ao Concello de Vigo unha copia da póliza subscrita, das súas renovacións así como unha copia do recibo abonado.

f) A obter cantas licenzas e autorizacións se precisen para o desenvolvemento da actividade por ela pretendida.

g) A presentar anualmente, no Servizo Participación Cidadá ou no que se indique no acordo en razón do obxecto social da asociación, unha memoria das actividades realizadas no local adxudicado, horario de actividades, frecuencia de utilización do local e número de usuarios e/ou beneficiarios, así como do equipo directivo da asociación, e das datas de renovación da mesma conforme ços seus estatutos; de producirse a renovación fora do regulamento ordinario, comunicarse ao Concello de Vigo no mesmo momento que se realice, no que deberá constar cando menos a data e hora, enderezo e orde do día.

h) A instalar dúas placas, unha de cando menos 841 x 1189 mm na entrada do local, que indique que o uso do local foi cedido polo Concello de Vigo, e outra de 420 x 594 mm, en lugar preferente do salón de actos ou en ausencia do mesmo en espazo de uso similar. A placa deberá ter as características indicadas polo Concello no Anexo I.

i) Non causar molestias á veciñanza nin perturbar a tranquilidade da zona.

j) Non ceder a terceiros, nin total nin parcialmente, o uso do local.

k) Reverter ao Concello o local unha vez extinguido o prazo de cesión.

l) Permitir ao Concello a facultade de inspección e control do cumprimento do acordo de cesión.

m) Permitir ao Concello a suspensión temporal da cesión de uso para a organización de actos cando existan razóns de interese público que o xustifiquen.

n) Deixar libre o local cando o Concello deixe sen efecto o acordo de cesión de uso, previo trámite de audiencia.

ñ) Non realizar as actividades con fins comerciais e/ou lucrativos senón para promover o desenvolvemento integral da persoa, fomento da convivencia e incremento da participación cidadá mediante a prestación de servizos e desenvolvemento de actividades, promovendo a dinamización e diversidade da oferta sociocultural da cidade.

o) Dar cumprimento aos requisitos establecidos pola normativa sectorial vixente para realizar e impartir actividades de formación e lecer e reunir todas as condicións necesarias para o seu desenvolvemento.

p) Dar cumprimento ao esixido polo Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual e demais normativa que sexa de aplicación.

q) Dar cumprimento ás normas sobre prevención de riscos laborais e derivados do COVID19 nos termos exixidos polas autoridades sanitarias competentes e as indicadas pola administración municipal para garantir a seguridade dos usuarios das instalacións.

BASE 12ª. POTESTADES MUNICIPAIS

1. O Concello poderá inspeccionar as actividades que realicen as entidades nos locais municipais obxecto de cesión coa finalidade de comprobar o cumprimento das condicións establecidas no acordo de cesión.

2. Dentro do prazo establecido no acordo de cesión do local, e en función das peticións de locais que se formulen ou o contido das memorias que deben presentar as entidades cesionarias de locais municipais, o Concello poderá modificar de forma unilateral o réxime de uso (compartido ou exclusivo), así como as condicións ou horarios, para adecualos ás necesidades ou circunstancias reais de uso das distintas asociacións ou colectivos, ou ben para determinar a obriga de compartir o uso dun local que ata o momento era utilizado de forma exclusiva, coa finalidade de optimizar o uso dos bens integrantes do catálogo e prestar o mellor servizo á cidadanía.



Concello de Vigo

3. O Concello poderá, previo aviso, suspender temporalmente e sen dereito a indemnización, as cesións que se regulan nas presentes bases, no caso de que se necesiten os locais cedidos para a organización de actos cando existan razóns de interese público que o xustifiquen.

IV. EXTINCIÓN E REVOGACIÓN

BASE 13ª. CAUSAS DE EXTINCIÓN

1. A finalización do prazo de cesión será unha causa de extinción inmediata, debendo deixarse os locais libres e a disposición do Concello, en perfecto estado de conservación.

2. A extinción anticipada da cesión efectuarase por acordo motivado do órgano competente, previa tramitación de expediente con audiencia á entidade cesionaria.

3. O acordo de cesión pode extinguirse:

- a. Por vencemento do prazo.
- b. Por perda física ou xurídica do ben sobre o que foron outorgadas.
- c. Por afectación do ben á prestación dun uso ou servizo público.
- d. Por mutuo acordo.
- e. Por revogación por incumprimento das obrigacións da entidade cesionaria.
- f. Por resolución xudicial.
- g. Por renuncia da entidade cesionaria.
- h. Por disolución da entidade cesionaria.
- i. Por necesidade, suficientemente motivada, de uso do local para a prestación doutros servizos públicos que o requiran.
- j. Cando se extinga o dereito que o Concello teña sobre os bens.
- k. Por un uso inadecuado do local.
- l. Pola falta ou escasez de actividade, debidamente contrastada.
- m. Por causa de interese público apreciada polo Concello ao obxecto de destinar o uso do local a outros usos considerados preferentes ou para fins de interese xeral.

4. A extinción da cesión ou da autorización de uso por calquera das causas citadas non dará dereito á entidade ou asociación afectada a ningún tipo de indemnización ou compensación económica.

BASE 14ª. CAUSAS DE REVOGACIÓN POR INCUMPRIMENTO DAS OBRIGAS DA ENTIDADE CESIONARIA

1. A revogación da cesión procederá nos seguintes casos:

- a. Por non destinar o local aos fins ou actividades para os que se solicitaron.
- b. Por non prestar a debida dilixencia e coidado no cumprimento das obrigas de uso e conservación.
- c. Pola adopción de acordos de traspaso, cesión ou autorización de uso a un terceiro.
- d. Polo incumprimento das obrigas que, no seu caso se contraesen, de abono dos gastos de mantemento e subministracións por un período continuado de tres meses.

- e. Pola falta de uso do local por un período continuado de tres meses.
- f. Por incumprir as instrucións ditadas polo Concello ou impedir a facultade de inspección.
- g. Por incumprimento do deber de presentar a memoria anual, a póliza do seguro subscrita, as súas renovacións e o recibo do pago do seguro.
- h. Por realización de obras non autorizadas previamente polo Concello.
- i. Por impedir o uso compartido.
- j. Polo desenvolvemento de actividades non permitidas.
- k. Por non estar claramente identificado o local como de propiedade do Concello de Vigo.
- l. Por realizar as actividades con fins comerciais e/ou lucrativos
- m. Por incumprir os requisitos establecidos pola normativa sectorial vixente para realizar e impartir actividades de formación e lecer e reunir todas as condicións necesarias para o seu desenvolvemento.
- n. Por incumprir o esixido polo Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual e demais normativa que sexa de aplicación
- ñ. Por incumprimento das normas sobre prevención de riscos laborais e derivados do COVID19 nos termos esixidos polas autoridades sanitarias competentes e as indicadas pola administración municipal para garantir a seguridade dos usuarios das instalacións

2. A revogación da cesión efectuarase por acordo do órgano competente, previa tramitación de expediente, con audiencia á persoa responsable da entidade cesionaria.

V. PROCEDEMENTO EN LIBRE CONCORRENCIA PARA A CESIÓN DE USO DE LOCAIS MUNICIPAIS

BASE 15ª. CONVOCATORIA

O Concello de Vigo efectuará, unha vez aprobadas as bases reguladoras, unha convocatoria no primeiro trimestre de cada ano, sempre que existan locais dispoñibles, na que se seleccionará en concorrencia competitiva ás entidades ou asociacións ás que se lle cederá o uso dos ditos locais, debendo dar a oportuna publicidade das mesmas. O anuncio da convocatoria do concurso publicárase na páxina web do Concello de Vigo e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

BASE 16ª. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

1. As instancias, en modelo normalizado, para participar no procedemento achegaranse por vía electrónica a través da Sede electrónica do Concello de Vigo, asinadas dixitalmente pola asociación ou entidade sen ánimo de lucro.

A presentación de instancia supón por parte da entidade a aceptación expresa das cláusulas destas Bases e a declaración responsable de que reúne as condicións subxectivas esixidas nas presentes bases para resultar entidade cesionaria de uso dos locais vacantes.

2. Prazo de presentación.

O prazo para presentar as solicitudes será de 15 días a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.



Concello de Vigo

BASE 17ª. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

As entidades solicitantes deberán achegar, xunto coa solicitude de participación, a seguinte documentación en formato dixital:

- Documentos acreditativos da aptitude para acceder á cesión de uso da entidade ou asociación proponente, e serán os seguintes:

1. Declaración responsable da persoa representante da entidade de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición de contratar establecidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
2. Compromiso da entidade de facer fronte aos gastos derivados da utilización do inmovible e á contratación do seguro de responsabilidade civil esixido nestas bases.
3. Documentación acreditativa do importe das subvencións que recibiu no exercicio anterior á convocatoria a asociación ou entidade.

- Documentación acreditativa dos criterios de valoración establecidos nas presentes bases e en todo caso a seguinte:

1. Documentación que acredite a implicación da entidade no "tecido social" do barrio onde se sitúe o local a cuxo uso se pretende acceder.
2. Memoria de actividades e orzamento executado, onde se detallen:
 - a) as actividades, programas, e/ou servizos realizados pola asociación/entidade durante o último ano,
 - b) as actividades realizadas en colaboración co Concello,
 - c) número de usuarios ou beneficiarios dos devanditos programas
 - d) equipo directivo da asociación.
 - e) datas de renovación dos representantes da entidade, se a mesma está prevista nun prazo inferior a un ano desde a solicitude de cesión.
 - f) orzamento executado no ano anterior ao da convocatoria.

No caso de que a entidade tivese unha existencia inferior a un ano, a memoria e o orzamento conterán todas aquelas actuacións realizadas desde a súa data de constitución.

3. Programa de actividades da entidade para o ano da convocatoria detallando aquelas iniciativas e/ou actividades a desenvolver no local obxecto desta convocatoria, frecuencia de utilización do local, horario de actividades e número de usuarios e/ou beneficiarios estimados.

4. Documentación acreditativa cando se trate dunha coordinadora, federación ou outras formas de agrupación de entidades.

5. No seu caso, documento no que se establezan as condicións para compartir o local: horario, número de usuarios, actividade a desenvolver.

6. Certificado do/a secretario/a da entidade co visto e prace do seu presidente sobre o número de persoas socias existentes no ano da convocatoria.

BASE 18ª. APERTURA DE DOCUMENTACIÓN

a) Cualificación da documentación acreditativa da aptitude para acceder á cesión de uso. Admisión.

Finalizado o prazo para a presentación de instancias, polo Servizo de Participación, procederase a cualificar a relación de documentos acreditativos da aptitude para acceder á cesión de uso. Neste acto de apertura, se se observasen defectos ou omisións emenda-

bles, notificarase á entidade ou asociación interesada para que emende os erros que se poidan advertir na documentación presentada concedendo un prazo de tres (3) días hábiles para que os solicitantes as emenden, con indicación de que se non o fixer teráselle por desistida na súa petición.

Trascurrido o prazo de corrección publicarase na web do Concello unha lista cas asociacións e entidades admitidas e excluídas.

b) Apertura da documentación relativa aos Criterios de Valoración

Finalizado o prazo de presentación de instancias e o prazo de emenda de documentación, o Servizo de Participación, procederá a elaborar o informe que servirá de base á valoración e cualificación que deba efectuar a Comisión de Avaliación con arranxo aos criterios expresados na base 22 das presentes bases reguladoras e deberá evacuarse no prazo máximo de 15 días hábiles.

BASE 19ª. AVALIACIÓN E PROPOSTA POLA COMISIÓN DE AVALIACIÓN

Trascurridos os 15 días, a Comisión de Avaliación reunirse a fin de avaliar as propostas. O ditame da Comisión de Avaliación reflectirá a orde de adxudicación dos locais segundo a puntuación obtida por aplicación dos criterios de valoración establecidos na base 22, adscribíndose aos servizos municipais competentes por razón da actividade da entidade, con indicación do prazo de cesión e posibilidade de prórroga.

En todo caso, a proposta de cesión efectuada pola Comisión de Avaliación non creará ningún dereito a favor das asociacións incluídas na mesma ata que non se acorde a cesión polo órgano competente, previa acreditación por parte da asociación ou entidade, no prazo máximo de dez días hábiles desde que sexa requirida polo servizo municipal competente, de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

BASE 20ª. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os criterios que se terán en conta para valorar as solicitudes son os seguintes:

1) Implicación da asociación ou entidade no "tecido social" do barrio onde se sitúe o local que se pretende acceder ao seu uso (ata **15 puntos**).

Serán obxecto de valoración os seguintes extremos:

- a) Actividades realizadas en coordinación ca asociación veciñal do barrio (ata 3 puntos). Se a entidade solicitante é a asociación veciñal do barrio outorgarase a puntuación máxima (no caso de existir máis dunha entidade veciñal solicitante rexistrada no mesmo barrio, outorgarase a puntuación proporcionalmente entre as solicitantes).
- b) Actividades realizadas con outras asociacións sectoriais ou tecido social desa zona (ata 3 puntos)
- c) Actividades abertas realizadas: colaboración en festas, campañas, actividades, eventos, etc (ata 3 puntos)
- d) Ámbito da entidade (ata 3 puntos): Local (3 puntos), Autonómica e provincial (2 puntos), Estatal (1 punto).
- e) Exclusividade no ámbito de actuación: só a entidade presta ese servizo (ata 3 puntos).

2) Traxectoria da entidade (ata **30 puntos**).



Concello de Vigo

Serán obxecto de valoración:

- a) Proxectos e actividades realizadas no ano anterior á convocatoria (ata 10 puntos).
- b) Actividades e proxectos realizados co Concello de Vigo (ata 10 puntos)
- c) Núm. de asociados: máximo de 10 puntos

De 10 a 50 socios/as	2 puntos
De 51 a 100 socios/as	4 puntos
De 101 a 150 socios/as	6 puntos
Máis de 150 socios/as	8 puntos
Máis de 200 socios/as	10 puntos

3) Impacto dos programas, actuacións e/ou servizos realizados (**ata 25 puntos**).

A valoración efectuarase en razón a:

- a) Número de persoas usuarias ou beneficiadas (ata 15 puntos).
- b) Interese social dos proxectos (ata 10 puntos).

4) Que se trate de coordinadoras, federacións ou outras formas de agrupación de entidades (**ata 4 puntos**).

En función dos colectivos ou entidades asociadas:

De 1 a 5 colectivos ou entidades	1 puntos
De 6 a 10 colectivos ou entidades	2 puntos
De 11 a 15 colectivos ou entidades	3 puntos
Máis de 16 colectivos ou entidades	4 puntos

5) Disponibilidade da asociación para compartir o uso do local con outras entidades (**ata 10 puntos**).

Valoraranse as asociacións que teñan disponibilidade para compartir o local.

6) Programa de actividades da entidade para o ano da convocatoria detallando aquelas iniciativas e/ou actividades a desenvolver no local obxecto desta convocatoria, frecuencia de utilización do local, horario de actividades e número de usuarios e/ou beneficiarios estimados (**ata 5 puntos**).

6. Mecanismos de financiamento (**ata 5 puntos**). A súa finalidade é valorar a capacidade de cada asociación para acadar financiamento por outros medios que non sexan axudas públicas, tentando camiñar hacia un grao maior de autofinanciamento das asociacións.

Valorarase a porcentaxe de autofinanciamento do programa anual a través da memoria e sobre orzamento executado, cun máximo de 5 puntos:

Ata o 10%	1 punto
Do 10% o 25%	3 puntos
Máis do 25%	5 puntos

7. Outras circunstancias para valorar (**ata 6 puntos**). A súa finalidade é axustar descompensacións que poidan existir pola variedade das asociacións e primar aquelas actividades de interese xeral para o cidadán, que traten problemáticas de ámbito e repercusión directa na cidade, que impliquen máis traballo e que sexan de máis difícil participación.
8. Minorarase a puntuación total outorgada á entidade no caso de ter outro local cedido por outra Administración Pública:

Un local	- 5 puntos
De 2 a 4 locais	-10 puntos
Máis de 5 locais	- 15 puntos

BASE 21ª. COMISIÓN DE AVALIACIÓN

1. Composición.

A Comisión de Avaliación estará integrada por:

Presidente/a: o concelleiro delegado da área de Participación Cidadá ou en quen delegue.

Vogais:

- Xefe/a do servizo de Participación Cidadá ou persoa en quen delegue.
- Técnico/a de Xestión do servizo ou na súa ausencia Administrativo/a do servizo de Participación Cidadá.
- Secretario/a: Actuará como secretario/a quen ostente a secretaría de Administración municipal ou un/unha técnico de administración xeral da rama xurídica.

2. Funcións.

- Propoñer a adjudicación dos locais ás asociacións ou entidades admitidas.
- Interpretación das presentes bases, resolvendo aquelas cuestións ou circunstancias excepcionais que poidan xurdir durante todo o concurso, sen prexuízo dos informes que procedan.

3. Quorum.

Para a válida constitución da Comisión de Avaliación, requirirase que estean presentes polo menos a metade máis un dos seus membros, entre os que necesariamente estarán o/a presidente/a e o/a secretario/a ou persoa en quen delegue.

BASE 22ª. FUNCIONS DO SERVIZO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ.



Concello de Vigo

Son funcións do Servizo de Participación Cidadá:

- a) Analizar as solicitudes presentadas á convocatoria e solicitar, se procede, información adicional de parte das asociacións ou entidades interesadas.
- b) Elaborar o informe que servirá de base á valoración e cualificación que deba efectuar a Comisión de Avaliación con arranxo aos criterios expresados na base 22 das presentes bases reguladoras.
- c) Comunicar o ditame da Comisión de Avaliación ca orde de adxudicación dos locais segundo a puntuación obtida por aplicación dos criterios de valoración establecidos na base 22, adscribíndose aos servizos municipais competentes por razón da actividade da entidade, con indicación das regras básicas de uso e goce, prazo de cesión e posibilidade de prórroga.
- d) Instruir o correspondente expediente para a prórroga da cesión de uso dos locais adscritos ao servizo municipal de Participación Cidadá.
- d) Revogar as cesións de uso dos locais adscritos ao servizo municipal de Participación Cidadá cando exista un incumprimento por parte da asociación ou entidade das obrigas establecidas nas presentes bases.

Anexo I

**CONCELLO
DE VIGO**



Local de propiedade municipal cedido á _____, para o desenvolvemento de actividades _____ por acordo de data ____ / ____ / ____

CONCELLERÍA de
PARTICIPACIÓN
CIDADÁ

**CONCELLO
DE VIGO**



11(822).- BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A XERACIÓN DE LISTAS DE RESERVA NA CATEGORÍA PROFESIONAL DE TÉCNICO MEDIO DE RELACIÓNS LABORAIS. EXP. 38173/220.

Visto o informe de fiscalización do 07/09/21, dáse conta do informe-proposta de data 17/08/21, asinado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

- 1.-** En informe emitido o 15/06/2021 pola Xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación identifícanse, entre outras, as necesidades concorrentes respecto do ámbito material especializado da xestión laboral e de Seguridade Social a nivel técnico, detalladas con carácter previo en informes de datas 02/02/2021 e 09/04/2021.
- 2.-** Deste xeito, e toda vez que o único efectivo especializado existente en plantilla atópase en situación de IT de longa duración, sen data previsible de incorporación, debendo considerarse, igualmente, a inexistencia de listas de reserva vixentes na categoría indicada, en data de sinatura electrónica polo órgano municipal competente acordouse ordear a incoación de expediente administrativo para a selección de persoal interino coa categoría profesional de Técnico Medio en Relacións Laborais, subgrupo A2 de titulación, mediante a convocatoria, polo sistema legalmente procedente, de proceso de selección para a xeneración de listas de reserva, a fin de dar resposta ás necesidades comunicadas.
- 3.-** Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/07/2021 procedeuse á aprobación da revisión dos **“Criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego”**, cuxo punto I prevé que **“con carácter excepcional, en determinadas categorías de administración especial nas que exista escaseza de perfís e dificultade de selección, poderán tamén conformarse por concurso-oposición ou concurso de méritos.”**
- 4.-** A salvo de erro ou omisión, constátase a ausencia de listas de reserva vixentes na concreta categoría profesional especializadas en Relacións Laborais e Seguridade Social, así como a ausencia de efectivos con perfís análogos na plantilla municipal.
- 5.-** En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se proba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA



Concello de Vigo

I.- CONSIDERACIÓNS XERAIS SOBRE OS FUNCIONARIOS INTERINOS NO MARCO NORMATIVO REFERENCIAL DE APLICACIÓN

Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezoito meses (apartado d); a substitución transitoria do titular da praza (apartado b); a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c); e a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable o réxime xeral dos funcionarios de carreira en canto sexa adecuado á natureza da súa condición temporal e ao carácter extraordinario e urxente do seu nomeamento, salvo aqueles dereitos inherentes á condición de funcionario de carreira.

Consonte ás Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente a área ou servizo solicitante, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Os aspectos relacionados no presente apartado deberán expoñerse no expediente de nomeamento de persoal interino que da selección proposta poda derivarse.

II.- SOBRE A MOTIVACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN E SISTEMA SELECTIVO OBXECTO DE PROPOSTA E AS NECESIDADES CONCORRENTES NA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/07/2021 procedeuse á aprobación da revisión dos “Criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego” en cuxo punto I contéplase que *“con carácter excepcional, en determinadas categorías de administración especial nas que exista escaseza de perfís e dificultade de selección, poderán tamén conformarse por concurso-oposición ou concurso de méritos.”*

No presente suposto, consta a ausencia de listas de reserva vixentes na concreta categoría profesional especializadas en Relacións Laborais e Seguridade Social, unida á ausencia de perfís análogos na plantilla municipal.

Complementariamente, en informes de datas 02/02/2021, 09/04/2021 e 15/06/2021 constan acreditadas as necesidades concorrentes na Área de Recursos Humanos e Formación en materia de xestión técnica de Relacións Laborais, na concreta especialidade esixida no coñecemento da normativa sectorial específica propia das materias de Relacións Laborais e Seguridade Social, xunto coas urxentes necesidades derivadas da prestación do servizo ao concorrer un efectivo en situación de IT de longa duración prevista.

Por tanto, a urxencia na garantía da prestación do servizo público aconsella, conforme aos Criterios de xestión das listas de reserva actualmente vixentes, o recurso ao sistema selectivo do concurso, ao tratase de categoría profesional encadrada na Escala de Administración Especial, Subescala técnica, clase media, cun perfil de coñecemento técnico altamente especializado, consonte aos criterios de xestión das listas aprobados por Xunta de Goberno Local.

III.- REQUISITOS DOS E DAS ASPIRANTES

Os e as aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se as houberse, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

Dada a especialización técnica requirida, considéranse **requisitos específicos** para o desempeño os seguintes:

-Técnico Medio en Relacións Laborais (A2): Estar en posesión do título académico oficial de Diplomado Universitario en Relacións Laborais, Grao ou equivalente, titulación esixida para o acceso ás prazas de técnico medio en Relacións Laborais, ao abeiro do disposto nas bases e convocatoria pública efectuada no seu día para a provisión en propiedade de 1 praza de técnico medio en Relacións Laborais encadrada nas Ofertas de Emprego Público 2014-15-16 (publicadas no BOPPO núm. 60, do luns 26 de marzo do 2018).

-Experiencia profesional, coñecementos e formación especializada no ámbito das Relacións Laborais: consonte ao establecido no Anexo I inseparable ao presente acordo.

Como **requisitos xerais** para o acceso contéplanse os consignados no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que se concretan en:

-Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

-Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.



Concello de Vigo

-Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

-Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.

-Non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- Calquera outro requisito que se fixe nas bases específicas de cada convocatoria.

- Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de admisión de solicitudes e conservarse, cando menos ata a data do nomeamento.

IV.- SOBRE OS ÓRGANOS DE SELECCIÓN DE PERSONAL NAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS: RÉXIME XURÍDICO.

O marco normativo regulador dos órganos de selección de persoal das Administracións Públicas esixe o preceptivo axuste dos mesmos á configuración legal esixida no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do TREBEP, e no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego público de Galicia, que consagra a profesionalidade dos mesmos no seu funcionamento, así como os principios de imparcialidade, responsabilidade persoal e de especialización técnica dos seus membros. Así, o artigo 60 do citado TREBEP establece que:

“1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros, y se tenderá, asimismo, a la paridad entre mujer y hombre.

2. El personal de elección o de designación política, los funcionarios interinos y el personal eventual no podrán formar parte de los órganos de selección.

3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse ésta en representación o por cuenta de nadie.”

Pola súa banda, o artigo 59 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia, dispón que:

“1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros y de paridad entre mujeres y hombres en el conjunto de las convocatorias de la oferta de empleo público respectiva.

2. En ningún caso pueden formar parte de los órganos de selección:

- a) *El personal de elección o de designación política.*
- b) *El personal funcionario interino o laboral temporal.*
- c) *El personal eventual.*
- d) *Las personas que en los cinco años anteriores a la publicación de la convocatoria hubieran realizado tareas de preparación de aspirantes a pruebas selectivas o hubieran colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.*

3. *La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse esta en representación o por cuenta de nadie.*

4. *Los miembros de los órganos de selección deben pertenecer a un cuerpo, escala o categoría profesional para el ingreso en el cual se requiera una titulación de nivel igual o superior al exigido para participar en el proceso selectivo.*

5. *Los órganos de selección actúan con plena autonomía en el ejercicio de su discrecionalidad técnica y sus miembros son personalmente responsables de la transparencia y objetividad del procedimiento, de la confidencialidad de las pruebas y del estricto cumplimiento de las bases de la convocatoria y de los plazos establecidos para el desarrollo del proceso selectivo.*

6. *La composición y régimen de funcionamiento de los órganos de selección se establecerá reglamentariamente.*

7. *Las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley pueden crear órganos especializados y permanentes para la organización de los procesos selectivos."*

Asimismo, o artículo 10.2 do propio TREBEP establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedimientos áxiles, que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

V.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

"1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. *El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

- a) *La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*



Concello de Vigo

- b) *La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) *La intervención material del pago.*
- d) *La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

VI. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de 16/04/2021 e por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021.

VII.- PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Aprobar as bases específicas reitoras do proceso selectivo para a formación de bolsa de emprego de Técnico Medio en Relacións Laborais (subgrupo A2 de titulación, Escala de Administración Especial) que permita o nomeamento interino previsto no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, contidas no ANEXO I do presente acordo e que forman parte inseparable do mesmo, ordenando a súa urxente publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, na web municipal www.vigo.org e no taboleiro de edictos da Casa do Concello para público e xeral coñecemento.

Segundo.- Ordenar que se proceda á convocatoria pública do proceso selectivo para a formación de bolsa de emprego de Técnico Medio en Relacións Laborais, subgrupo A2, nos termos do disposto no apartado primeiro do presente acordo.

Terceiro.- Habilitar expresamente á Concellería-delegada competente en materia de persoal para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos e designación de integrantes dos órganos de selección, no uso das competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostenta por delegacións competenciais efectuadas en Decreto da Excm. Alcaldía de data 16.04.2021 e Acordo da XGL de data 22.04.2021.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación aos efectos oportunos en relación coa xestión e desenvolvemento do procedemento obxecto do presente expediente.

Quinto.- Informar que contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, cabe a interposición de recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o adoptou, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do mesmo no Boletín Oficial de Pontevedra (artigos 112, 116, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas). Transcorrido un mes dende a interposición do recurso sen que se dite ou notifique resolución, entenderase

desestimado por silencio administrativo, cabendo nese suposto a a interposición de recurso contencioso- administrativo. Igualmente, caberá a interposición de recurso contencioso- administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación da presente resolución.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO DE TÉCNICO MEDIO EN RELACIÓNS LABORAIS, SUBGRUPO A2 DE TITULACIÓN, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, QUE PERMITA O NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO NAS MODALIDADES PREVISTAS NO ARTIGO 10 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, DO TREBEP

I.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a selección de persoal para a formación de bolsa de persoal interino de Técnico Medio en Relacións Laborais, subgrupo A2 de titulación, Escala de Administración Especial, que permita o nomeamento interino nas modalidades contempladas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP)

II.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

